

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Permanente de Filoloxía e Tradución, que se celebrou o día 15 de xullo de 2016 na Sala de Xuntas da Facultade

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Cabeza Pereiro, M^a del Carmen
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Figuroa Dorrego, Jorge
Anaya Revuelta, Inmaculada
Del Pozo Triviño, Maribel

Sector (A) Profesorado

Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José
Sánchez Trigo, Elena

Sector (B) Profesorado

Ferreiro Vázquez, Óscar

Sector (D) P.A.S.

Fernández Cruz, Manuel

Sector (C) Estudiantes

Víctor Barbosa Losada

Asiste tamén, con voz pero sen voto, o alumno Manuel Arca

Desculpas e ausencias xustificadas

Fernández Casanova, Alicia
García Fonte, Nuria
Seoane Posse, Elena

Comeza a sesión ás 14:15h en convocatoria única, na Sala de Xuntas da FFT, cun retraso motivado polo alongamento non previsto da Xunta de Facultade que tivo lugar xusto antes, coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1. **Autorización, se proceder, da defensa do TFG por parte da alumna dona Laura Vázquez Álvarez, sen o preceptivo informe da persoa titora (artigo 6.6 do Regulamento do traballo de fin de grao da FFT)**

O decano explica que pediu informe tanto á profesora como á alumna solicitante. Os informes están ao dispor dos membros da comisión, que os len (anexo).


O decano presenta a cuestión como un desencontro entre as dúas partes, e defende que estes procedementos non van contra ninguén.

A profesora del Pozo explica os motivos polos que decidiu que non podía dar informe favorable. Non cre que todo sexa admisible.

O alumno Víctor Barbosa intervéñen para defender a posición da alumna.

Establécese un debate sobre as posibilidades da alumna de matricularse ou non nun mestrado, no que interveñen o profesor Montero Domínguez e a profesora Sánchez Trigo. Esta última insiste en que a decisión que se tome non implica que á alumna se lle aprobe o TFG.

O profesor Montero Reguera considera que se trata dun procedemento excepcional. El opina que a defensa do traballo debe quedar para a convocatoria de outubro. A profesora Anaya defende a mesma posición.



Manuel Arca expresa o seu reparo de que unha boa alumna perda a súa oportunidade de rematar a carreira.

O profesor Montero Reguera reafírmase na súa postura.

O profesor Ferreiro mantén unha argumentación no mesmo sentido do profesor Montero.

O debate continúa coa intervención da vicedecana de Organización académica, Manuel Arca e o profesor Montero Domínguez. Este último súmase á posición das persoas que se manifestaron anteriormente.

O decano advirte que o regulamento non establece un prazo de entrega do TFG. O profesor Ferreiro apela ao sentido común.

O profesor Montero Reguera razoa que é preciso valorar se a petición está motivada.

A profesora Sánchez Trigo pregunta á profesora del Pozo cal é o motivo polo cal ela decidiu actuar como o fixo. Responde que non era consciente dos termos en que se ía facer o informe da alumna. A profesora Sánchez Trigo manifesta a súa opinión de que a profesora del Pozo deba desvincularse do procedemento. Pregunta como deba xustificarse que non se dea autorización para a defensa.

Manuel Arca pregunta se a alumna, de ser o caso de que fose a outubro, tería a mesma titora.

A comisión debate amplamente sobre as consecuencias de non autorizar a defensa.

A profesora Sánchez Trigo propón que se reconduza o proceso para non ter en consideración os informes que se están a examinar. Pregunta á profesora del Pozo se estaría disposta a asistir a un acto de conciliación. A profesora non se pronuncia e deixa a decisión á comisión.

Debátese sobre a oportunidade de concertar un acto de conciliación no que participaran a profesora, a alumna, o decano e unha persoa máis.

Sométese a votación secreta se se autoriza ou non a defensa. No caso de resultado negativo farase constar o argumento, xa manexado anteriormente, de que o informe da alumna non está suficientemente motivado. A profesora del Pozo sae da sala antes da votación.

O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor de autorizar a defensa do TFG: 3

Votos en contra: 5

Nulo: 1

Abstencións: 1

A profesora Sánchez Trigo solicita que conste en acta a súa abstención.

2. Aprobación, se proceder, da memoria final do curso complementario “Aspectos profesionais da Tradución e Interpretación”

Unha vez que a memoria se presentou con antelación para poder ser consultada polos membros da comisión, apróbase por asentimento.

Remata a sesión ás 15:44.

Vigo, 15 de xullo de 2016

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luis Alonso Bacigalupe

María del Carmen Cabeza Pereiro

segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do Regulamento Interno da FFI, 67 dos Estatutos da Universidade de Vigo e 26.3 e 27 da Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Comisión Permanente celebrada o día ___ de _____ de 2016.

A Secretaria da Facultade

María del Carmen Cabeza Pereiro